



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

ACTA NÚMERO 1 BIS

PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CUBRIR A PRAZA DE XEFE/A DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE A CAMPAÑA DO ANO 2026

LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

As 13:30 h do martes, 21 de xullo de 2026 reúnense as seguintes persoas integrantes do tribunal de selección de persoal para a contratación de 1 xefe/a da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2026:

Presidente:

Titular: José Manuel Rodríguez Costa

Vogal 1:

Titular: M^a del Mar Carro López

Vogal 2:

Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario:

Titular: José Antonio Varela Doval

Conforme as bases de selección aprobadas por medio do decreto da alcaldía número 387/2026 do 14/07/2026 (expte TEDEC: 2026/E001/000002 – 2026/G003/000443), o tribunal admitiu inicialmente a todos/as aqueles/as candidatos/as que presentaron os requisitos mínimos.

A lista de aspirantes inicialmente admitidos/as e excluídos/as é a seguinte:

Praza de xefe/a de brigada (número de postos:1)

Persoas aspirantes admitidas e excluídas:

Nº rexistro	Nome	Admitidos	Excluídos
R.E 202600000001943	Maceiras Fernández, Martín	Si	---
R.E 202699900001273	Martínez Gómez, Jorge	---	Si ⁽¹⁾

(1) O aspirante non achega a documentación acreditativa de posuír a **titulación mínima necesaria** para poder participar no proceso de selección para a praza de xefe/a da brigada. A antedita titulación deberá ser algunha das recollidas na letra a) do apartado 16. A) das bases de selección para a praza e que concretamente será, tal e como tamén se indica na cláusula oitava do Convenio asinado polo Concello de Abegondo coa Consellería do Medio Rural o día 24/04/2025, algunha das titulacións seguintes: “enxeñería de montes, enxeñería técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.”

O tribunal considera que non procede ningún tipo de emenda polo que esta lista inicial coa relación de persoas candidatas admitidas e excluídas ten carácter definitivo e poderá pasarse a realizar a/s proba/s ou exercicio/s práctico/s e posteriormente a fase de valoración do concurso-oposición. Acórdase publicar a antedita lista no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).



C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

Convócase á persoa candidata admitida para realizar a/s **proba/s práctica/s eliminatória/s**, conforme se indica a continuación:

PROBA PRÁCTICA XERAL ⁽¹⁾

Praza: xefe/a de brigada (1 praza)

Lugar: Nave de servizos municipais (Abegondo)

Día: Xoves, 23 de xullo de 2026

Hora: 9:30 h.

(1) Posibilitará valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver.

PROBA PRÁCTICA ESPECÍFICA PARA A PRAZA DE XEFE/A DE BRIGADA ⁽²⁾

Praza: xefe/a de brigada (1 praza)

Lugar: Casa do Concello de Abegondo

Día: Xoves, 23 de xullo de 2026

Hora: 12:00 h.

(2) No caso concreto da praza de xefe/a de brigada, a persoa candidata, deberán realizar ademais unha proba específica eliminatória que posibilitará valorar os coñecementos específicos na materia e consistirá nun **test de avaliación** cun total de 20 preguntas (ver apartado 16. E.2) das bases).

En proba de todo, estendo a presente acta e como secretario dou fe.

Abegondo, 21 de xullo de 2026

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.